



Udela

4º Educación Primaria Día das letras galegas 2023



FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Francisco Fernández del Riego naceu en Vilanova de Lourenzá, Lugo, o 7 de xaneiro de 1913. Era o primeiro dos once fillos e fillas que tiveron Vicente e Amada.

Os estudos primarios e os primeiros cursos de bacharelato fíxoos en Lourenzá e rematou o bacharelato como interno nun colexio de Monforte de Lemos (Lugo).

Aos dezasete anos Francisco marchou cos seus pais e irmáns a Madrid e matriculouse na facultade de Dereito da Universidade Complutense.

Cando voltou a Galiza rematou os estudos de Dereito, deu clases en dous colexios de Vigo, Labor e Mezquita, e traballou no bufete de avogados do seu amigo Valentín Paz Andrade.

Foi un gran traballador polo idioma e a cultura: foi membro do Seminario de Estudos Galegos, escribiu en moitos xornais e revistas, fundou a Editorial Galaxia, presidiu a Fundación Penzol, dirixiu a revista Grial, traballou na BBC, emisora inglesa, facendo programas en galego, foi membro da Real Academia Galega e presidiu-na durante catro anos, recibiu as Medallas de Ouro de Galicia e a de Castelao.

Propuxo a creación do Día das Letras Galegas, para homenaxear ás persoas que defenderan a nosa cultura.

Escribiu moitos libros: *Danzas populares galegas*, *Historia da literatura galega*, *Galicia no espello*, *O Camiño de Santiago*, *A pesca galega de mar a mar...* e unha chea de libros máis.

Este ano 2023 a Real Academia Galega dedicalle o Día das Letras Galegas.



Francisco Fernández del Riego durante o seu servizo militar.



Lendo o seu discurso de entrada na Real Academia Galega, en 1960.

4º ED. PRIMARIA

ACTIVIDADES BIOGRAFÍA FRANCISCO FDEZ. DEL RIEGO

1. Coloca o nome da localidade onde lle corresponde.


MADRID

MONFORTE


VIGO

LOURENZÁ


SANTIAGO




Rematou os estudos de bacharelato no colexio da Nosa Señora da Antiga.




Estudou os primeiros cursos de Dereito na Universidade Complutense.



Faleceu un vinte e seis de novembro de 2010, aos 97 anos.



Creouse, en 1950, no Hotel Compostela, a Editorial Galaxia.



Naceu un 7 de xaneiro de 1913. Era o primoxénito de Vicente e Amada.

2. Francisco naceu no ano 1913, un martes, 7, pero... de que mes?
Cantos anos tería este ano 2023?

3. Como se chamaban seus pais?

4. Cantos fillos tiveron Vicente e Amada, os pais de Francisco?

5. En que emisora de radio colaborou Francisco cun programa semanal en galego?

6. Localiza na sopa de letras os nomes relacionados coa biografía de Francisco Fernández del Riego que aparecen no recadro.

**VICENTE AMADA LOURENZÁ MONFORTE BBC
XANEIRO VIGO GALAXIA PENZOL ONCE EVELINA**

**Z M C X L N B B C B X H Ñ X F G
V P G A B M O N F O R T E Z C A
Ñ E Z N L V N E V E L I N A N L
X N M E Z H C L C V V A M A D A
F Z N I G C E M V I C E N T E X
L O U R E N Z A S G T Ñ L Z B I
C L H O M X Ñ Z D O F V B X N A**

TROBADORES E XOGRARES

Francisco Fernández del Riego

A carón da literatura escrita tivo unha grande importancia na Idade Media, a cultura oral. Os seus axentes foron os xogares. Tratábase de recitadores, cantores e músicos ambulantes que divulgaban nas feiras, castelos e cidades un repertorio musical e literario, aguilloado directamente polos ouvintes. Menéndez Pidal escribiu que xogares eran todos aqueles que ganaban a vida actuando perante un público, para recrealo coa música ou coa literatura, ou con xogos de man, de acrobatismo, de mímica, etc.



QUE LEMBRAS DO TEXTO?

1. Que axentes foron os que levaron na Idade Media a cultura oral polos pobos e vilas?

2. Que tres actividades realizaban os xogares? Colorea.

ERAN RECITADORES

XOGABAN Á PETANCA

TECÍAN ABRIGOS DE LÁ

CANTABAN

ERAN PANADEIROS

ERAN MÚSICOS AMBULANTES

3. En que lugares divulgaban os xogares os seus recitados, as súas cancións e a súa música? Completa.

T **S** **D** **S**
 R **S**

4. Que é un xograr? Completa usando as palabras do recadro.


xogos Media nobres musical recitando artista

Un xograr é:

Un _____ que na Idade _____ actuaba en residencias _____ e prazas públicas _____, pezas literarias, xeralmente con acompañamento _____, bailando e facendo _____.

5. Que sabes do mundo dos xogares e trobadores?

			1	X					
2				O					
3				G					
			4	R					
5				A					
	6			R					



HORIZONTAIS

1. Artista que recitaba poemas con acompañamento musical, bailando e facendo xogos.
2. Poeta que creaba poesías destinadas a ser cantadas polos xogares.
3. Persoa que na Idade Media interpretaba as súas propias composicións e recibía unha paga a cambio.
4. Persoa que canta trobas, ás veces de xeito improvisado.
5. Poesías cantadas polos trobadores.
6. Mercados públicos, xeralmente ao aire libre, no que se venden cousas, festéxase algo, celébranse reunións periódicas...

1. XOGAR 2. TROBADOR 3. SEGREL 4. TROBEIRO 5. TROBAS 6. FEIRAS






6. Atopa, escribindo as sílabas tónicas das seguintes palabras, un término que aparece no texto:

tropa - banco - adobe - resta



7. Localiza e colorea na sopa de letras o nome dos instrumentos musicais medievais que aparecem no recadro e completa.

**LAÚDE ZANFONA SALTERIO CHIRIMÍA ARPA
RABEL TAMBOR**

Z	B	X	C	R	D	H	N	F	C
Ñ	G	M	L	A	Q	B	C	A	H
F	Z	G	D	B	E	M	S	R	I
L	A	Ú	D	E	B	Q	Ñ	H	R
C	N	A	V	L	S	X	T	E	I
N	F	Z	Q	D	V	M	F	B	M
A	O	G	R	E	H	T	X	Ñ	Í
M	N	D	L	U	A	N	S	F	A
S	A	L	T	E	R	I	O	A	G
D	Q	L	V	F	P	X	H	Z	N
Z	V	C	S	T	A	M	B	O	R



8. Serás quen de completar este encrucillado relacionado cos instrumentos musicais que utilizaban os xograres na Idade Media?







HORIZONTAIS

1. Instrumento de cordas e caixa de madeira triangular, que se tocaba cos dedos.
2. Instrumento musical triangular, con cordas colocadas de modo vertical, que se tocan cos dedos das dúas mans.
3. Instrumento musical de corda con teclado, que funciona con manivela que fai xirar un disco que ao fretar as cordas produce o son.
4. Instrumento con tres cordas de son agudo que se tocan cun arco.
5. Instrumento de corda coa caixa en forma de media pera, que se toca punteando as cordas, que poden ser sete, trece ou vinte e unha.
6. Instrumento de percusión cun arco de madeira e cunha pel estirada, que se toca golpeándoo coas mans, os cotenos etc.
7. Instrumento de percusión de caixa cilíndrica e pel moi tensa sobre a que se bate con baquetas ou coas mans.
8. Instrumento de madeira con dez buratos e boquilla.

1. SALTERIO 2. ARPA 3. ZANFONA 4. RABEL 5. LAÚDE 6. PANDEIRO 7. TAMBOR 8. CHIRIMIA

9. Recorta, monta e colorea este crebacabezas dun xograr.



10. Ordena as palabras para que a mensaxe deste xograr poida ter significado completo.


historia A que vos vou fala da a contar de ter a importancia propia. unha lingua



A historia que vos vou a contar fala da importancia de ter unha lingua propia.

11. Na mensaxe do anterior exercicio podemos atopar catro palabras con diptongo. Descúbreas e escríbeas.

12. A linguaxe que empregamos para comunicarnos pode ser oral ou escrita. Coloca no lugar axeitado.



LINGUAXE ORAL: _____

LINGUAXE ESCRITA: _____

13. Antes de existir os medios de comunicación modernos era moi importante a transmisión oral de historias ou feitos.

Fai ti de trovador e conta unha anécdota divertida que che pasara recentemente.

14. Copia o debuxo dun destes xograres e coloréao.



CASTELAO NO MEU ESPELLO

Francisco Fernández del Riego

Lembro que foi a finais do 1931 cando o coñecín. Foi na imprenta Nós, onde mo presentou Ánxel Casal. Ollei fronte a min un home longo de corpo e de pernas. Suxeríume a súa presenza a dun camiñante que chegara un algo canso. Amosaba unha luz de serán nos seus ollos grises. As gafas non esaxeraban nin desafiaban. A faciana reflectía expresivo sorriso nos labios finos. Sempre quedou na miña memoria a súa figura cívica daquela entón: a estatura, o corpo delgado, rexo, fogoral, de leve inclinarse; o traxe negro, a chalina sempre breve, o caiado. Un caiado de médico rural, de campesiño que se ía volviendo paseniñamente cego. A melancólica grandeza daquela Castelao parecíame reflectida na ollada agrisallada, nos acenos das súas mans de debuxante, no busto ergueito; acordadamente, con esperanza.

Tardei pouco tempo en falar con el de novo. Foi cando se fundou o Partido Galeguista como organización de loita no marco da Segunda República.




Alfonso Daniel Rodríguez Castelao



Autocartura de Castelao.

QUE LEMBRAS DO TEXTO?


1. A finais de que ano coñeceu Francisco a Castelao?. Colorea.



2. Onde coñeceu a Castelao? Colorea.



3. Quen llo presentou? Completa.




4. De que cor tiña os ollos Castelao? Completa e colorea.



Castelao amosaba unha luz de serán nos seus ollos _____ .



5. E de que cor era o traxe que levaba Castelao? Arrodea e colorea.



6. O autor reflicte a Castelao «no seu espello». Pero como ves ti a Castelao? Fai a súa caricatura.



7. Del Riego fai unha moi boa descrición de Castelao e, para iso, emprega moitos adxectivos. Mira no texto e completa:

Corpo : _____

Labios : _____

Sorriso : _____

Grandeza : _____

Ollada: _____

Partido : _____

8. No texto saen varias profesións. Que pictograma farías para representar cada unha delas?

Debuxante



Médico




Campeño



9. Despois de ler o texto de Francisco Fernández del Riego «Castelao no meu espello» intenta completar o encrucillado relacionado con el.

						1	C				
						2			A		
						3			S		
4									T		
	5								E		
						6			L		
						7			A		
						8			O		



PARTIDO
GALEGUISTA

HORIZONTAIS

1. Apelido da persoa que lle presentou a Castelao.
2. Vestimenta de Castelao, de cor negra e formado por chaqueta, chaleco e pantalón.
3. Nome da imprenta onde se coñeceron Francisco e Castelao.
4. Taller onde se imprime.
5. De que cor tiña os ollos Castelao?
6. Partido político galego fundado en decembro de 1931. Partido...
7. Persoa que fai debuxos.
8. Pau ou vara con puño que se leva na man para apoiarse ao andar, tamén chamado caxato, bastón, cacha, cachaba ou caxata.

1. CASAL 2. TRAXE 3. NÓS 4. IMPRENTA 5. GRISES 6. GALEGUISTA 7. DEBUXANTE 8. CAXATO

10. Completa este parágrafo usando as palabras do recadro.

presencia imprenta finais longo canso pernas Casal

Lembro que foi a _____ do 1931 cando o coñecín.
Foi na _____ Nós, onde mo presentou Ánxel
_____. Ollei fronte a min un home _____
de corpo e _____. Suxeríume a súa _____
a dun camiñante que chegara algo _____.

11. Agora fai ti unha descrición deste personaxe de Castelao. Emprega, alomenos, cinco adxectivos.



*O home que en doce anos en América
gañou para un enterro de primeira.*

12. Por diversas circunstancias, tanto Fernández del Riego como Castelao, tiveron que marchar de Galicia. A que cidade marchou, aos deza-sete anos, Francisco? Descúbreo seguindo as pistas. Arrodea.

Ten dúas vogais e son diferentes.
É unha palabra bisílaba.
A sílaba átona é igual á tónica da palabra «mapa»
Na segunda sílaba ten unha consoante repetida.
Leva a forza no «i» pero non ten acento gráfico.

CÁDIZ MADRID MÁLAGA MAHÓN MURCIA